


Aquí somos así, positivamente
(Santiago)



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

**AQUÍ SOMOS ASÍ,
POSITIVAMENTE
(SANTIAGO)**

SUSO DE TORO

A colección de libros da SELIC
públicase con motivo da celebración
da Semana do Libro de Compostela
2017, organizada polo Concello de
Santiago.

Edita: Concello de Santiago
Praza do Obradoiro
Pazo de Raxoi
15705 Santiago
A Coruña

Desta edición
© Concello de Santiago, 2017

Do texto
© Suso de Toro, 2017

Depósito Legal C 887-2017

Producido en Compostela
Deseño: describir
e cenlitrosmetrocaadrado
Impresión: Agencia Gráfica
Encadernación: Casper

Tipografía: Arnhem
Papeis: Rives Design 250 g/m²
e Print Speed 90 g/m²

www.selic.gal



Aquí somos así, positivamente
(Santiago)

Poucos. Iso son poucos días. Levo eu toda a vida aquí, toda unha vida. Home, seino eu que levas poucos días porque eu fíxome moito, ¿non sabes? E amais que eu sempre ando de aquí para alí dálle que che pego, e eu fíxome moito na xente ¿non sabes? E amais que son moi amigo de tódolos xeladeiros e como a ti é a primeira vez que te vexo, pois por iso digo eu, nada, este leva poucos días. Claro, é que eu pola praza de Cervantes nunca paso. Eu sempre ando máis por aquí abaixo. Alí vivía a chavala dun amigo meu, unha chavala así pequena, pero logo deixáronse, esas cousas da vida, e el agora traballa no Concello e casou con outra e ten fillos e así. Así é a vida que pasa para todos. ¿E logo que? ¿Que tal se che dá o de despachar xelados de nata, fresa, mantecado, mantecado e nata e nata e fresa? E claro que si, non ten misterio ningún. ¿E logo tocouche aquí esta semana? Claro, turnádevos. Pois mira ti, aínda onte estiven aquí mesmo a falar con este outro compañeiro teu, que é moi amigo meu. ¿Como se chama, home, este que é de gafas, así pequeno el? Luis, exactamente. Luis. Ai xa sei, ai ao lado xunta un café que hai alí. ¿E logo ti como te chamas? Pepe. Se es

José es Pepe, positivamente, así que Pepe. Pepe Pepiño, que morra o pan e que viva o viño. Pois este seguro servidor chámome Nano *y aquí tiene usted mi mano*. Pois si home, eu sonche amigo de todo o mundo, eu sonche dos máis coñecidos de Santiago. Eu falo con todo quisque, pero con todo quisque. Eu fálome con todo maría santísima. Ti fíxate, fíxate ti que eu ata saúdo ao alcalde, que non é un calquera. Todo un señor alcalde, e el ás veces tamén me saúda. O outro día pasaba por aí con outros fulanos así importantes, todos preparados eles, debían vir dalgunha comida ou así. Debían ser conselleiros ou así. E pasaban todos por aí, por favor nada de fuxir nin coller porta estou atento e tomo nota imos ao que estamos haino que facer entre todos erguer unha cidade máis se é Santiago é esforzo paixón estéril pequenos corazóns ardentes con fogo dóce que non morre pero sobre arrecadar o prezado aporte da memoria vosa memoria, pola Porta Faxeira, por diante desas terras e cando pasou o alcalde así por xunta miña díxenlle eu, *usted lo siga bien*, alcalde, e el mirou así para min, quedóuseme mirando todo serio, coma quen dicindo mira este fulano, e logo fíxome así coa cabeza mirando para min, como saudándome. Ai, si. Proba ti a saudalo a ver que caso che fai. Pensas que estes tipos saúdan a calquera. Chama a un municipal para que te leve. E un alcalde de Santiago non che é calquera cousa, que un alcalde de Santiago ten que tratar todo o santo día con xente importante e gobernantes. Que a Santiago vén todo cristo. Por aquí pasou Giscard, o Papa, o Rei, e eu que sei, todo maría santísima. Artistas de cine, a de diós. Escritores, de todo.

Premios Nóbel, o máximo. E tenche habido cada alcalde de carallo, que aquí sempre foron todos a roubar. A facer cartos veña, arreando, *gudbai*, ¿non sabes? Aquí en Santiago con tanto piso como se leva feito téñense amasado positivamente grandes fortunas. Grandes fortunas moi positivamente. E nunca foi ninguén preso, que xa manda chover na Habana. E mira que se levan feito animaladas. Moito gángster, que parece Chicago, todo cheo de gángsters e contratistas de obras por todos lados, ¿non sabes? Ai non, lévase feito cada animalada de carallo, ¿non sabes? Mira aí ao lado, esta praza grande que hai aí que ten un aparcadeiro e unha pouca herba e tal enriba. Si aí, onde está Luis o teu compañeiro. Pois aí había un edificio bonito eh, que tiña así moito mérito de cousa artística, que Santiago está cheo de cousas así, pois foi un alcalde e veña, pamba, tirouno. Mira que houbera protestas, pero claro, aínda vivía o vello, e claro. Non, ti daquela serías un catavís, ou non naceras. ¿Que anos tes? Dezaseis. Manda carallo, se cadra aínda non naceras. Hai que ver como pasa o tempo, e que noviños sodes todos agora. Pois iso, había aí un edificio, o Castromil, que era onde arrimaban tódolos coches de liña, e tirárono. Hala, veña, para o carallo. E aquí a xente non penses ti que lle importou moito, que, total, todo lles dá igual, din que a memoria é unha cousa informe e branda pegañenta e visgosa que mestura arreo os materiais que a componen a remoer a remoer din que está feita da materia da que están feitos os soños como dicía aquel outro din que a imaxinación é un traballo da memoria e a memoria froito da

imaxinación iso din, aquí aos de Santiago non os moves ni cunha grúa. A xente de aquí é moi afásica. Aquí un día cae un raio na Praza do Obradoiro, fonde a catedral e os de Santiago saen a mirar, din ¡manda carallo!, entran para adentro e seguen como estaban. A agardar que veña un turista ou un estudante. E polo demais, que gañe o Compostela. Hai que ver como é a xente deste puto sitio. Así a todo, se é hoxe non pasa, ¿non sabes? Algo cambiaron os tempos e nos alcaldes tamén se nota, que xa non rouban tanto. Este é outra cousa, este é outra cousa. Este é un fulano máis novo. Serache do meu tempo, e claro, esas cousas nótanse, que se es máis novo están máis pola cousa moderna. Positivamente, que non é aqueles alcaldes de antes, que mira ti. Este puxo de todo, puxo papeleiras, puxo aceras, puxo de todo, que hai que ver como estaba Santiago. Que con ser capital tiña moita falla de todo. Home, ser é un político coma os outros, que en asunto de políticos xa podes supoñer. Pero tamén se agradece cando un fulano non é moi ladrón. Non, eu pola política non estou, que a política para os políticos, que se estivese pola política xa tiña entrado hai anos cando empezou todo o da política que foi cando morreu Franco, que foi cando entraron todos estes. Que se me meto daquela agora calquera sabe. Porque mira, o alcalde este serache da miña idade, e claro, se levas tantos anos na cousa política, a poder de tempo, fura que fura, sempre acabas sacando algo, ¿non sabes? Dígoche eu que si. Positivamente. Calquera sabe o que podía ser eu agora. Alcalde ou conselleiro ou calquera cousa. Se levas moitos anos na política sempre acabas

sacando algo, ¿non sabes? Algunha cousa sempre se saca, unha consellería ou así. O que pasa é que para iso tenche que gustar a política. Éche coma con todo, na política éche coma con todo. Ou che gusta unha cousa ou non che gusta. E se che gusta unha cousa ben, pero se non che gusta máis val deixar o sitio e que se poña outro, porque senón non hai maneira. ¿Que había pasar?, pois que había ser todo un desgobierno. Mira, a min o que me pasa é que eu non sei que cousa me gusta. Pero por non me meter onde non me toca déixome estar. E vaise deixando estar un, e vaise pasando o tempo, e vai pasando o tempo, e cando te dás conta xa vai alá, ¿non sabes? Positivamente. Dígocho eu que son máis vello ca ti. Non rías, non rías, que xa irás ti vendo que é verdade. Isto que che estou a decir, ti anota, é pura filosofía, pero é a verdade da vida. Ti faime caso que eu sei moito do mundo, téñoche moita mundoloxía. Si, home, ás cousas hai que poñerlles interese e aplicación. Con tódalas cousas, pero sobre todo coas mulleres. Ti faime caso, senón vaiche pasar coma min. Ás mulleres hainas que atender moito, senón despídete. Eu tamén che tiven unha moza, e tíñalle cariño, non penses ti. Pero deixoume. Claro, ela quería que eu buscase un traballo como era debido, eu daquela traballaba de mozo dunha fábrica de chocolates que había alí arriba. E claro, a ela parecíalle pouco. Despois cando me deixou dixo que era porque eu era medio parvo, pero non é certo. O que pasa é que as mulleres queren que un lles faga moito caso, e como eu non llo facía, pois por iso. Ás veces aínda me acorda, o que pasa é que o máis

seguro que foi mellor así. Claro, que sempre gusta ter alguén que te queira e che faga un pouco caso. Pero mira, esta vida éche daquela maneira e total tanto che me ten. Pero ti non aprendas de min para asunto de mulleres e de traballo. Porque eu non penses que non che teño traballado, que eu xa teño traballado.

Traballei, de mozo para recados nunha fábrica de chocolates, antes aquí había moitas, nunha ferretería, despois traballei unhas semanas facendo os recados no xornal de aquí. Que daquela chamábase *La Noche*. Despois traballei de camareiro unha época. De todo, teño traballado de todo. E hai dous anos aínda vendía cintas de cassettes, da tuna, para os turistas. Vestíame cunha capa de tuno todo chulo e veña a vender cassettes, discos, postais e chaveiros da tuna de recordo de Santiago. Logo deixáronme “fóra” os que o levan. Non sei por que foi, pero nesta vida sempre che fan xudias. Ah, e fixen unha marea no Gran Sol. Ño, iso si que é duro. Iso si que é traballar. Non volvín. Non home, ti non fagas caso de min e aplícate ben no traballo e mira de aprender para progresar. Ti anota. Ti aquí en Santiago está atento, porque aquí aprende un moito. Aquí sen te dar de conta vanche entrando as cousas. Non penses que é broma, aquí en Santiago hóboche sempre moita cultura e a cultura non che anda polos libros, que a cultura ándache por aí, e vaise pegando, vaise pegando e cando te queres dar conta xa ti tes cultura. Mira, no sitio no que traballei eu de camareiro, chamábase o café “Avenida”, xa cerrou hai ben anos, este estaba aí na Senra, pois neste sitio, debín traballar alí dous anos ou tres meses, pois alí xuntábase o

melloriño de Santiago. Quéroche dicir os médicos todos, que daquela habíaos moi importantes, os profesores, catedráticos. Todo canto había xuntábase alí e, claro, indo de mesa en mesa, xa só con iso, co que oías aquí e alí, pois íaste enteirando das cousas. Aprendías moito. Agora xa non se ve tanto iso de ir a un café a falar, ¿non sabes?, pero hai tempo aquí hóboche cafés de moita importancia onde se xuntaba esta xente toda e discutían entre eles da política, da cultura, de tódalas cousas. Non, da política non, que daquela non se podía. Pois si home, hoxe xa non hai diso, xa non se ve. E tampouco hai cafés elegantes.

Xa non hai ese ambiente. Hoxe son outros tempos, a xente anda máis pola noite. Coma os morcegos. Pásalles coma a un que sei eu, que ese é peor ca min co viño, anda sempre nela. E o outro día pasaba por aí abaixo e levaba unha de medo e como ía cantando e xa era de noite, pois chamáronlle a atención os municipais que pasaban por alí. E o caso é que o tipo púxose-lles farruco e os outros calcáronlle unha hostia. E vai o tipo e mete a todo correr lambendo na que lle meteran. E cando levaba un pedazo e xa estaba lonxe dos outros. Vai o tipo... Párase todo serio... Dá volta, e di con voz de interesante... *“¿Quien ha sido esa ave nocturna que intentó darme una hostia?”* Ai, que risa. Haiche cada un. Pois si, home. Aquí hai que saber estar atento porque aquí hai moita cultura. O que pasa é que coa cultura pásache como cos cartos, pásache coma con todo, que a cultura non o é todo. E así haiche xente que ten moita cultura e mais non ten un peso. E tamén, sen cartos, pouco che aproveita ter cultura. E haiche xente

tamén que, a poder de libros, a poder de libros, perdeu o sentido e logo non lle valeu de nada tanta cultura e tanta cousa e tanta hostia. Porque, iso tamén cho digo, aquí, tolos hainos a fodela. Cantos queiras. Así deles. Está o sanatorio de Conxo cheo deles, mil ou dous mil, qué sei eu, debe haber aí. Así que ti observa qué de tolos non nai nesta cidade. Claro que, se o miras ben, quen máis quen menos, todo o mundo está un pouco tolo. Iso xa ti o irás vendo na vida, pero aquí hainos deses que están como cacerolas. Pero mira, un tolo por aí sempre lle dá un pouco de animación ao asunto, que fai máis distraído o pasear. E houbo de animación ao asunto, que fai mais distraído o pasear. E houbo un que botou por aí non sei canto tempo escribindo polas paredes non sei que retrónicas sobre do Apóstolo e máis Franco subido nun carro e o ano dous mil e mais a fin do mundo. Que sei eu. Que despois xa non lle chegaban as paredes que ata lles pintaba nos cristais dos escaparates. Que era pavero de carallo o pobriño, que estaba como unha cabra. Pero acabaron fartándose del os comerciantes e disque un día lle compraron un billete para Palencia e metérono no tren con dous bocadillos. E alá foi para Palencia. Meu pobre. Tamén foi cabronada mandalo para Palencia. Así a todo, estar tolo é o peor que che pode pasar. Pódeche fallar unha perna, ou un brazo, ou unha man, como o meu tío Andresito que lle fallan as dúas, pero o que non che poder fallar é o sentido. En fallando o sentido estás perdido. Perdidiño. Non hai cousa máis triste que un home perdido. E aquí en Santiago haiche ben deles. Mil, ou dous mil, ou tres mil, ou máis. É unha tristeza

moi grande esa. ¿E logo ti de onde es? Sitio bonito, si señor. Negreira. Alí teño ido eu de pesca co meu padriño, que era moi troiteiro. Ño. Moito lle gustaba pescar. E tenme levado canda el. Si señor, ténoche ido ben veces canda el. Bonito sitio, si señor, o río Tambre. Así lle chaman ao río que pasa por alí, o Tambre, por alí teño eu andado co meu padriño. *En las orillas del Tambre*. Pola parte de Logrosa, que é unha aldea que hai por alí. Si señor, o Tambre, que é o mesmo río que pasa por Chaián. Hai unha carballeira moi bonita que fixeron agora praia fluvial e non sei que máis. Na saída da Coruña, collendo a man esquerda todo recto. Pois é que botan unha pouca area así na beira do río para que a xente se bañe, ¿non sabes? Coma se fose no mar. Por iso lle chaman praia fluvial. Flu. Flu-vial. Pois si, home. E habíache ben troitas eh, mais confiade na ciencia e non acreditedes en andrómenas literarias podedes depositar unha serea confianza na precisión nidia da fórmula e na inalterabilidade do sistema que din e repiten que a memoria ten estrutura xeométrica un tecido infinito de exágonos que se estende que se estende infinito pola mente e imos precisar da confianza na memoria para ordenar lembranzas tenra especie de prantas espirais, habíache ben troitas. Que antes había troitas troitas, que se vas hoxe non pillas nada. Que vas pillar, home, que vas pillar. Anda de aí. Troitiñas de nada, cagalliñas así, escalos. Acórdome eu, antes si que había troitas. Así é a vida. Pois si señor, hoxe hai ben pouca xente. Claro, con esta calor e un sábado pola tarde a ver quen carallo para en Santiago que non hai quen pare. Que se tes un coche que vas

quedar aquí a mirar para as pedras. Si home por aquí arriba. Que vai unha calorazaaa, que calor, que parece que cae o sol e que sentes como che dá un lapote na cabeza, pumba. Parece isto o río Amazonas un sábado pola tarde. Non hai quen pare nin con gafas de sol. Hoxe o que hai que levar é unha viseira. Mira eu teño unha aquí, ¿vela? É de propaganda da Xunta de Galicia. Deuma un amigo meu que traballa de garda de seguridade nunha Consellería. Agora quiteina porque dá unha pouca calor e faite suar así por aquí. E mais cada vez que a quitas desfaiçe o peiteado e tes que andar seguido a repasar co peite. ¿Gústache o peite, eh? É de aceiro. Mira estas gafas, ¿velas? ¿Canto lles botas?, ¿eh? ¿Canto lles botas? A ver. Mira, unhas boas gafas de sol cústanche, pero boas eh, cústanche así arredor das dez mil. Eu fáloche de gafas boas eh, non dunha marulada que che venden na feira. Eu fáloche de gafas de marca Rai-ban positivamente, eu fáloche de gafas sofisticadas. A ver, bótalle. Ti bótalle. ¿O que? ¿Viches o lobo? ¿Mil pesetas? Ti toleaches. Pero que saberedes de gafas na túa aldea, carallo, que saberedes. Mira, unhas gafas idénticas a estas, pero idénticas, coa marca aquí na patilla, Rai-ban, eh, a única diferenxia é a marca aquí na patilla, pois unhas gafas coma estas, dez mil pesetas. Si señor, dez mil pesetas. Estas mesmas gafas, que son outra marca, aquí o tes, Rai-man, ¿non ves? a outra é Rai-ban e esta é Rai-man. Pois estas gafas, por estas gafas pídenche alomenos cinco mil ou así nunha óptica. E a min pasoumas un amigo meu que ten un chiringo destes de vendas nas feiras chilindradas desas, pois pasoumas en mil pesetas.

Pero por ser eu, eh. Porque somos amigos e pásame así cousas baratas, eh. Porque somos socios, que se é a outro pídelles unhas catro mil ou cinco mil pesetas tan tranquilo. ¿O qué? ¿Coma estas? Xa serían unha imitación, por estas menos de tres mil pesetas non che pide ninguén. Xa serían outra marca de imitación de plástico. Ter contactos vale de moito. Eu parece-me que vou ir indo por aí abaixo a ver se hai quen pague unha taza e máis se vexo un fulano que tiña que velo hoxe por un asunto. Aínda que é algo cedo. Que bárbaro, chico, hoxe non pasa unha alma. Parece isto unha cidade pantasma desas das películas de vaqueiros. Desde que estou aquí levo contadas unhas vinte persoas e xa vai máis de media hora. Si, polas mañás é outra cousa. Un sábado pola mañá hai xente, uns que traballan, outros que eu que sei. O caso é que hai xente. Pero chega a tarde e, zas, desaparece todo quisque, non queda nin o apuntador. En canto chega a calor Santiago queda deserto, parece unha cidade pantasma. Se non é por catro gatos que quedamos de garda aínda viña un día o alcalde da Coruña levar o apóstolo e despois mandaba carallo. É que desde logo non queda ninguén. Parece mentira, a Santiago pásalle ao contrario de todo o mundo, que canto máis bonito está todo é con sol e Santiago en canto chega a calor dá noxo, que non queda unha alma. Desde logo, que boa verdade é iso de que *“Santiago, donde la lluvia es arte”*, que parece unha poesía así pero é unha verdade coma a catedral. Así dicía unha canción dos Tamara, *“Quédate en Santiago, el corazón me decía, Santiago de Compostela, donde la lluvia es arte y el sol poesía”*. É

bonita, eh. ¿E sabes aquela outra de “A Santiago voy”? Mira, aí che vén un cliente. Debe ser turista.

—¿Para que programa? ¿Sobre Santiago? ¿Pero como, na actualidade ou así máis xeral, ao longo da historia? Ben, pois na miña opinión Santiago é unha cidade fundamental en Europa, verdadeiramente fundamental. En Europa e no mundo. E non hai máis que pensar no camiño de Santiago e na importancia que tivo na Idade Media. Se non é polo Camiño Xacobeo a península Ibérica tería ficado apartada totalmente da evolución do seu tempo, penso eu. Totalmente apartada. Así foi, polo menos, como eu o estudiei e tamén como o vexo eu na actualidade. E, se lle digo a verdade, penso que os compostelanos non merecemos o tesouro que temos. Teño visitado bastantes países europeos facendo turismo en visitas relacionadas coa miña profesión e asegúrolle que moitos países europeos darían unha boa parte do seu presuposto por ter unha cidade coma Santiago. Cidades coma Santiago son contadas, en Europa, e no mundo. Contadas. Unha cidade coma Santiago vale por moitos países e non creo que aquí lle deamos a importancia que ten. Non señor, o que pasa é que hai que viaxar máis para poder comparar e poder dicir despois, Santiago de Compostela é unha xoia cultural e debера ser orgullo dos santiagueses e de tódolos galegos. Si señor, o que pasa é que eu son moi pesimista e mentres a xente non saiba máis sobre a historia e a cultura da súa cidade, ¿Qué se vai pedir? Aquí deberamos estar todos orgullosos de vivir nunha cidade así e saber máis da nosa historia e dos nosos monumentos. Así o vexo eu. Se non se viaxa e non hai

cultura non se sabe o que se ten. Iso é o que penso eu sobre Santiago.

¿Ves como eran forasteiros? Véselles xa na pinta. Estes debían ser alemáns, ¿non viches como lle falaba a ela nun idioma así como medio alemán? Ou holandeses, que tamén falan medio alemán. E que altos son estes langráns, carallo, que sempre miden catro cuartas por riba do normal. E o que non sei é como se apañan que anque vistan coma nós sempre se lles nota. Como sempre andan así mirando con cara de pasmóns para todos lados. Hala, por aí van, lambendo no xelado e mirando para as pedras. Veña mantecado, veña monumentos. Moito lles gusta toda esta cousa de pedra toda. Veñen aquí e non se fartan de mirar. E non é para menos, eh, non é para menos. Que esta xente toda que vén a Santiago é xente toda que entende. Que a Santiago non vén un lagoeiro ou un fontaneiro, apelamos á memoria que está aí para erguer Santiago que está aí na vosa memoria que está aí un tecido numerado de cadeas numeradas de innúmeros exágonos, que toda esta xente que vén aquí son profesores, avogados e cousa diso. Positivamente. Pois si, Pepiño, si, nesta época éche todo un aburrimento, pero en chegando o inverno é todo outra cousa, outra alegría. Cando máis alegría hai é de inverno que está isto cheo de estudantes. En fallando o estudante Santiago cambia moito. Agora éche o tempo do turista. Turista é o que máis hai, veña turista e máis turista. Pero, claro, o estudante dálle outra alegría, ¿non sabes? A xente nova fai

moito nunha cidade. Se falla a xente nova, falla todo. Pero así está todo organizado aquí, de inverno, tempada do estudante, de verán, tempada do turista. É como eses que primeiro van á caza e despois van ás troitas, como meu padriño. Desde logo ao que inventou o Apóstolo habíánlle facer un monumento. Que inventazo, me cago en tal. Mira que non leva comido xente a conta do invento. Arrecarallo. Positivamente. E polo menos desde o tempo dos romanos, ou aínda máis. Isto remóntase xa ao tempo dos mouros ou máis atrás. Ti mira, desque morreu Cristo mira que non choveu, que foi cando morreu logo o Apóstolo, que era un dos doce apóstolos de Cristo, buscade nas vosas retículas as imaxes que gardades cobizosos desa cidade certa que está aí confiade na memoria non fagades caso dos negadores de evidencias profetas do non Santiago existe a memoria é tan sólida como queiramos onde habiamos senón ancorar as nosas esperanzas, e que logo o trouxeron para aquí nunha barca e tal. Si, home, disto xa hai moito tempo, dous mil anos ou máis. Polo menos. Aquilo debeu ser unha aventura, porque, claro, os que o trouxeron chegan aquí na barca desde Babilonia, que xan manda moito carallo, e din, ímolo enterrar, e vai, e cando xa están no choio, aparécelles unha fulana que lle chamaban Lupa, que era raíña alá en Padrón, que por iso hai alí un restaurante que lle chaman así antes de chegar a Padrón, polo conto da fulana esta. “Restaurante Reina Lupa”. Pois a raíña esta, que se debía chamar así porque, se cadra, tiña unha lupa, e como daquela aínda non se inventaran o máis seguro, pois chamaríalle a atención á xente e

poñeríanlle así o nome. Pois o conto foi que cando o van enterrar aparécelles alí a raíña esta do restaurante e vai e dilles que diso nada, que aquela terra toda era dela e que nada. E despois houbo alí non sei que pleito porque ela non sei que quixo facer cos dous bois bravos, dous touros, que llos apurrou. E non sei quen foi un deles, un dos mariñeiros que viñan na barca, non sei se era o Mestre Mateo, ou se foi o santo, o caso é que foi un e colleu aos bois e fíxolles un nó do rabo, e alí quedaron. O conto foi que eles seguiron, a andar, a andar, e chegaron a Santiago, que daquela aínda non había nada, que era todo monte e dixeron, aí queda iso. E aquí deixaron a mercancía. Logo eles irían por aí diante, pero o conto é que aquí deixaron o petate, o corpo de Santiago Apóstolo. E así foi. E ti mira agora, que burrada tan grande non fixo a lurpia da Lupa aquela, que se chega a estar quietiña agora Santiago estaba en Padrón e aquí non había máis que carballos. O que son as cousas, todo por culpa da fulana aquela. Quen lles dese agora aos de Padrón ter a Catedral, a Universidade, e todos estes monumentos e esta industria toda. Ti mira o que é hoxe Padrón ¿fuches a Padrón? Pois xa ves. Catro casas. Aquí morreu Rosalía de Castro, aquí naceu Camilo José Cela, por aí vai o río Sar, e para de contar. Desde logo a Historia moito ensina a quen quere aprender. Hai que tratar ben aos forasteiros, nunca se sabe o que lles pode sacar un. ¿Que sería de Santiago se non fose polos forasteiros? Nada. Non sería nada. Veña, veña, todos para dentro, vaian pasando. Positivamete. E ademais de riqueza trouxeron cultura, que viñan de Europa e de por aí

adiante e viñan contando todo. E así foi como se fixo a Catedral. Xa ves, o que tal podes aprender se botas unha tempada aquí. Santiago éche pura cultura. Ti déixate estar a que empece o curso e xa verás que ambientazo hai. Ai, Pepiño, Pepiño, que morra o pan e que viva o viño. A ti non che gusta o viño, ¿verdá? Home, claro, es moi novo. Cando teñas máis anos se cadra. Aínda que, por iso, cando eu tiña o teu tempo xa lle mandaba. Si, home, si, aquí en Santiago a xente éche moi bebedoriña. Non hai queixa. E empezar, empezas moi novo, ¿non sabes? Eu empecei, xa nin me acorda. Vai ti saber, pasa o tempo dunha maneira. A ver, déixame centrar, eu empecei, pois tería eu doce ou trece anos. Positivamente. Con doce ou trece anos empecei eu a mandarlle chiquitas, que xa manda un cacho de carallo, que se di pronto, que a ver, se vou facer trinta e seis agora, a ver trinta e seis menos doce. A trinta e seis quitámoslle doce. Efectivamente, vintecatro. Vintecatro anos. Hai que ver, vintecatro anos dándolle ao alpiste. Si señor, nesta cidade bébese bastante. Positivametne, e que gañe o Compostela. Ai, e xa se ten bebido máis, eh, xa se ten bebido máis. Que hai que ver o que son o Franco e maila Raíña e o que foron. O que son e o que foron. Ti observa, había que ver o que era aquilo. As tabernas cheas de xente, e veña beber. Pero viño como é debido, eh. Ollo ao piollo, a memoria o certo a evidencia o engano traede as vosas lembranzas a ver esas rúas molladas fabuloso que fermosa esa escena da nena con chubasqueiro amarelo e catiuscas que cruza a rúa co paraugas de cores a refuxiarse nos soportais, que o viño que se bebeu

sempre en Santiago sempre che foi do melloriño. Do melloriño. Viña de alá de Ourense, de Ribadavia, e veña, bebíase aquí todo. Pero hoxe, dime ti. Vaia porquería. Porque eu, se cadra é certo que son algo parvo, pero de viño entendo. Xa me dirás, trinta e catro anos dándolle á chiquita, chámalle parvo ao chaval. Vintecatros anos, efectivamente. Que se lle vai facer, isto é así por antonomasia. Hoxe o que che dan é todo matute. Puro matute. Positivamente. E así está o Franco, que dá pena velo, nin hai xente nin hai nada. Nin rata. Hai que ver o que foi e o que é. Pasa como con todo, que parece que todo cambia. Quen o había dicir que agora por aquí pola parte nova e está cheo de xente a todas horas. Hai quen di que Santiago non cambiou. Carallo, se leva cambiado. Acórdome eu a de curas que aquí había, a hostia deles. Baixaban os seminaristas todos, que eran os que estudiaban para cregos, baixaban todos por aí en ringleira de a dous cun cura diante, que se é hoxe parece unha manifestación. Que deles. O seminario parecía unha industria. E as procesións. Veña *tododíos* coa palma na procesión, e hoxe non vai nin cristo. Esta cidade leva cambiado moito. Antes era todo cregos, hoxe todo é estudante e mañá calquera sabe. Se vai para diante todo iso da autonomía se cadra empeza isto a encherse de deputados e funcionarios e marcha o estudante todo. Calquera sabe. Esta cidade está moi cambiada. E non sabemos en que parará. Desde logo, o que son as cousas, que bárbaro, como pasa o tempo e como cambia todo. Acórdome eu ¿non sabes? Non, claro, ti es moi novo, que vas acordar. ¿E que tal se che dá o traballo? Boh, iso é ao principio,

despois xa verás. É tirado, tirado. Veña cucurucho, cáscaslle o mantecado e andando. Eu xa de tanto velo facer xa valía para o sitio. Deixa que veña alguén e despáchoo eu, xa verás. Que máis ten, fágoo perfectamente, non se enteira. Vale, home, tranquilo, como queiras. Eu era por axudar. Pois si señor, pois vou ir indo por aí. Voute ir deixando, a ver se vexo un fulano, que quedara en que o había ver hoxe. Por conta dun negocio, ¿non sabes? Eu coñezo á tira de xente, unha morea dela. Son eu máis coñecido cá Toñita. ¿A Toñita? Ui, esta érase do máis coñecido que había por aquí. Érase unha muller da vida, ¿non sabes? Unha puta, vamos. A pobriña chegou a vella na profesión. Ao final traballaba xa moi económico. Ti diso aínda non entendes, es moi novo. Xa vai alá. Así é a vida, que pasa para todos. Cando te dás de conta, zas, xa pasou por diante. A ver, ¿cántos anos me botas? Veña, home, bota. ¿Trinta e seis? Pois fíxate, teño corenta e cinco. Corenta e cinco. Era de broma, teño corenta e cinco ou corenta e seis. ¿A que non os aparento? Así é a vida. Éche unha vida esta. Non había ser así, pero é. Ti observa que eu xa che teño moitos anos, corenta e seis ou corenta e sete, corenta e bastantes e dígocho eu, esta vida é daquela maneira. Faime caso que teño moita mundoloxía. ¡Ata logo, Manolo! Xa ves, aquí de paliq. Agarda, que vou contigo e tomamos unha taza. Vale. Vale, pois xa nos veremos logo. Vai túa, e que gañe o Compostela. Aburiño. Este traballa na droguería esa que hai baixando para a praza Roxa. É moi amigo meu. É unha praza que hai alá no fondo da parte nova. Pois non sei, chamábase de José Antonio,

pero puxéronlle praza Roxa. Isto debeu ser porque había alí moita manifestación hai anos, ¿non sabes? O caso é que lle quedou o de praza roxa e agora chámase así, praza Roxa. Si home, en Santiago haiche de todo. Hai así outra que lle chaman igual en Moscú, pero claro, a de aquí non é tan importante. Pois mira ti este Manolo. Debe ser dos poucos que van ao fútbol. O fútbol aquí gústalle moito á xente, ¿non sabes?, pero pasa coma con todo que a xente queda a velo nas súas casas, pero claro, a animar ao Compostela non vai nin a *caridá*. Non me estraña, como o equipo vai sempre tan mal. Pero claro, tamén vai mal porque a xente non lle vale tampouco. A afección de aquí é moi inmune. Aquí máis ben somos do Celta, máis que nada porque sempre vai mellor clasificado e mais por levarlle a contraria aos da Coruña. Tamén hai algún atravesados do Deportivo, pero máis ben é por levarlle a contraria á maioría, que é do Celta. A min, se che digo a verdade, co fútbol pásame coma coa política. Nin fu, nin fa. Pero co fútbol pásache coma con todo, o santiagués non se move nin con grúa. Mira, aquí non che hai ningún espírito da *sociedá*, que é o que hai moito na Coruña e mais Vigo. E como non hai espírito da *sociedá* pois non hai nada. Está mal que o diga eu, que son de Santiago de toda a vida, a ver a ver moi ben esa panorámica da Quintana orballada deserta e estremelecida polo escuro grave oco son das campás e de tempo en tempo alguna palabra de ánimos vainos saíndo quen dixo que Santiago non existía fita o branco galán olla seu transido corpo, pero o santiagués é afásico por natureza e non ten nadiña, pero nadiña, de

espírito da *sociedadá*. ¿Ti pensas que aquí hai algo de *sociedadá*? Ca. Nadiña de nada. Vas a Vigo e teñen sociedades de todo tipo e na Coruña tamén, pero en Santiago nada. Aí tes o Casino que está morto de risa, hai alí catro vellos que seguro que a metade deles xa están mortos desde hai anos. Despois tes o Mercantil, antes aínda tiña xente, pero hoxe nada, outro Casino se me descoido. E para de contar, ah, o Aeroclub, pero igual cós outros, nada, catro aburridos. Nada, se me quitas a un grupo *gallego*, este, “Cantigas e Agarimos”, que é para ir a bailar e cantar e tocar a gaita e todo iso, pois se me quitas ese non hai nada. Despois está Compostela S. D. e mailo Vista Alegre, pero nada. Nada, a xente de Santiago éche toda afásica, e dígocho eu que son de aquí de toda a vida e mais coñezo isto polo dereito e polo revés. Santiago non ten solución, móvense máis os veciños do cemiterio de Boisaca cós da cidade. É unha pena. Eu parecerei parvo, pero vexo as cousas, e con cincuenta anos xa levo vistas unhas poucas. Aínda que eu que sei, agora co da Xunta e mais da autonomía gástanse aquí moitos cartos e nunca se sabe. Din que ha vir moita xente a vivir para aquí e se cadra. Con esas cousas nunca se sabe, ¿non sabes? Aínda que non creo. Calquera sabe, esta éche unha cidade máis rara que Cristo. Como dicía miña avoa, casa chea, casa baleira. Aquí o mesmo tes un día a quince mil fulanos manifestándose protestando por non sei que cousa que lles pecharon a empresa como vai o día despois, cadra vacacións e non queda aquí nin o apuntador. Marcha todo quisque. Quedamos Santiago Apóstolo e mais eu. E se cadra ti a vender

xelados de mantecado. Quedamos sós, o Apóstolo e mais nós. Mira, aí che vén un cliente.

—¿Sobre Santiago? Non sei que dicir, non son de aquí. Ben, pois eu namais levo vivindo aquí cinco anos, pero coido que é unha cidade moi bonita. Realmetne maravillosa. É increíble o bonita que pode ser, sobre todo de inverno. A min cando chove, de inverno, encántame ir polas rúas de vagar. Pero subindo da Quintana para riba, polas Algalias, as Casas Reais e todo por aí. A parte vella é toda fermosísima, sobre todo de inverno. Pero ás veces dá un pouco de tristeza, porque, claro, sempre que un pensa en Santiago pensa no inverno, coma se aquí tivese que ser sempre inverno e, claro, ás veces, parece coma se fose un acorar aquí. Verá é coma se as veces me fallase o aire. E despois está a parte nova, que é unha desgracia, había que prender aos que fixeron iso. Non hai dereito. Ademais que a parte nova é tamén moi triste. Como a parte vella pero moito máis fea, con esas rúas que parece que nunca entra o sol nelas. En fin, non sei que dicirle. Xa lle digo, estou moi contento vivindo aquí, son un namorado da cidade, pero ás veces Santiago dá como un pouco de tristura. Non sabería dicirle.

Vinte pesos por xelado. Vinte pesos. Hai que ver. Carallo, como está a vida. Hai que ver. Acórdome eu cando valían dous pesos. ¿Que dous pesos? Un peso. E máis grande ca este. Por unha ou dúas pesetas dábanche un xelado que non che collía na man. E do que quixeras ti. De nata, de nata e fresa, de chocolate, ou do que quixeras. E de mantecado, que a mín é o que

máis me gusta. Pero o mantecado de antes si que era rico, eh. E non este de agora. Aquel facíase como se había de facer. Collían os mantecados, machacábanos ben machacados, e despois facían o xelado. Home, claro, que van ter mantecados. Hoxe faise todo artificial. Pero antes facíanse as cousas naturais. Con mantecados de verdade. Tamén había un moi rico, de tuti-fruti, que tiña así pintiñas encarnadas. Pero a min o que me gusta é o de mantecado. Son doente polo mantecado. Pero polo de verdade, eh. Este que tes alí non vale un peso. Que va, home, que va. Que saberás ti de mantecados, agora xa non se fai ben. A ver, dáme unha probiña, faime así un xeladiño pequeno para probar. Veña, home. ¿Que che asusta? ¿Quen te vai ver? É que non teño, senón xa non che dicía nada, comprábacho e xa, pero non trouxen cartos. Agora pola tarde precisamente quedei cun fulano para falar dun negocio, despois paso por aquí e págocho. Como queiras. Eu dicíache un pequeniño de nada, un cucuruchiño deses. Vale, home, vale. Carallo, que sodes amarrados os da aldea. Éche unha boa verdade iso de, xente da aldea, tropa do carallo, como dicimos aquí. Vale, home, non che pareza mal. Non che ten que parecer mal, home, é un falar. É un falar que hai aquí. Tamén a miña nai é da aldea e mais é moi lista. Máis lista có meu pai. Non cho dixen por mal, home. Ben, paréceme que vou ir indo, que quedei cun fulano para falar dun asunto e a ver se o vexo. Non sei se andará por aí. Pois si home, aquí en Santiago, ata hai nadiña case chegaba a aldea aquí mesmo onde estamos nós. Ser, sempre foi cidade Santiago, porque aínda non se inventaran as

ciudades e xa había Santiago que xa é dicir. Ser, foi das primeiriñas do mundo en habelas. Pero o que che eu digo é que aínda non hai tantos anos acórdoo eu ¿non sabes?, como pode non existir se ocupa tantas diminutas celas tantos microscópicos exagoniños na memoria de todos nós quen dixo que a memoria é un engano un engado, e xa non era eu pequeno, eh, pois acordo eu que había a feira aí na carballeira de Santa Susana, aí mesmo na alameda, e tódolos xoves, acordo eu, con sol ou con chuvia, veña isto todo cheo de porcos, cuxos, vacas, eu que sei, galiñas, de todo. Cabras, ovellas, de todo. Como había feira pois viñan tódolos paisanos de toda Galicia aquí a vender o gando. Pero de toda Galicia, eh. Claro, igual vías un carro de vacas por aí, pola rúa do Vilar, que unha vella cun ramalliño apurrando unha porca e os bacuriños por aquí polo Toral. Ser, era pavero, que era bonito a de xente e de animais que aquí había os xoves. Non sei se non habería máis animais que persoas. Iso si, cheirar cheiraba de medo con tanta bosta que aquí había. Pero con non estar tan limpo coma hoxe que pode vir un turista calquera e dá gusto, tiña a súa gracia. Mira, case desde a Senra para atrás, aí ao lado, era aldea coma quen di. Todo leiras. Pero non morrera Franco, hai moito tempo. Pois, si, home, aínda non hai tantos anos, eh. Estouche falando de hai trinta anos, xa era eu rapaz. Tería eu oito ou nove anos. A ver, se tiña eu nove anos e foi hai trinta anos, logo eu teño trinta e nove. Non, eu teño corenta e un. Ou corenta e dous, a ver, a ver, non me sae. Boh, xa hai moito tempo, aínda non hai tantos anos os xoves Santiago era unha feira. E que bos

callos se preparaban nos bares, que hoxe xa non hai quen os prepare como é debido. Desde logo moito decaeu. Claro que para outras cousas mellorouse moito. Hai que ver, hoxe todo cheo de coches por todos lados, ¿a quen lle acorda que aí no ensanche por donde hai tanto comercio era todo herba e repolos? Hai que ver, como cambia todo co paso dos anos. Desde logo, hai que ver. Carallo, como cambiou a cidade. *Quien te ha visto y quien te ve, Bernabé*. Así di un señor que coñezo eu, que é médico. Aquí, quen máis quen menos, todos temos algún parente na aldea. Ata os médicos. A miña nai e tódolos meus tíos son dunha aldea de alí da parte de Noia, chámase Camboño. Pois é un sitio moi bonito. Éche dos sitios máis bonitos de Galicia e do mundo. Non ten comparanza. O río Amazonas si que tamén é bonito, o río Amazonas si que se lle pode comparar, quen din que é maravilloso. Unha maravilla. Alí no Amazonas e na selva que hai todo arredor, que é todo selva, hai tanta árbore e tanta árbore que non te fas unha idea. Cando morre unha árbore queda así arrimadiña ás outras árbores e non pode caer porque non ten para onde, de tan basto e tan basto que se dá alí a fauna. E animais, hainos de todo tipo. A maior parte dos animais do planeta están todos alí, que aquilo é unha maravilla de tanta planta e animal que alí hai. Que tan bonito non debe ser aquilo. Quen me dera ir un día ao Amazonas nunha canoa, e subir polo río arriba dándolle ao remo e vendo por alí os crocodri-los e as serpes polas pólas e todo coa súa luz, que din que alí é especial, doutra maneira. Alí todo é distinto. Aínda hai tribus de indios que viven en estado puro. A

min non che me gusta viaxar, pero quen me dera ir ao Amazonas. Alí si. O que pasa é que agora andan a acabar con el, andan facendo presas por todos lados e queimando a selva e matando indios e desfacendo todo e non vai quedar nada. Sempre fan igual. Cando eu dea chegado xa non vai quedar nada. Se cadra, un día collo e vou. O que pasa é que logo non o fago. Ao final de tanto darlle voltas ás cousas non as fago. É o que nos pasa aos de Santiago, que non é que non saibamos facer as cousas, veña, veña seguíde traendo recordos os pequenos tamén valen esas percepcións que aparentan fuxidías pero que quedan ensarilladas logo longo na longa cordamia que baixa fondo fonda adentro de nós moi adentro aos pequenos corazóns ardentes co fogo dóce que non morre, ca, aquí, sómosche listos bastante, o que pasa é que de tanto saber ás veces é peor. Non sei se me explico. A min pásame así, o que pasa é que me pasa moito, ¿non sabes? Eu parvo non son, anque me digan así, o que pasa é que sempre fun deixando de facer as cousas cando as tiña que ter feito, e claro, a xente logo ri se non fas o que tes que facer. A xente é un pouco abusona, cando te dás conta logo a tes toda derriba túa. Pero así é a vida, que é coma o boxeo, se non dás, danche. E claro, desa maneira, xa me dirás. A min non me vai o boxeo. Esas cousas para quen as queira. Iso é un deporte de pobres. Positivamente. Canto máis pobres e máis mortos de fame, máis hostias e máis forte arrear. Cada cousa ten o seu contrario. Aquí en Santiago non hai boxeo, pero cando eu era pequeno, tería eu, non sei, era así pequeno, e aínda había. Era nun solar onde está agora

“Viacambre”, ¿non sabes? Pois é igual non perdes nada. É baixando polo Hórreo, que é esa rúa que baixa cara á estación. Non, a estación de autobuses non, que esa está alá arriba en San Caetano, onde puxeron alí as Consellerías. A do tren é por aí abaixo, onde está o Parlamento, que antes chamábase o cuartel porque estaba alí o exército. ¿E que che estaba a contar eu? ¿Que é o que che estaba contando, home, que xa me esquecín? Ai, o do boxeo. Iso, pois aí nese solar había veladas de boxeo e eu e os outros compañeiros íamolo ver. Alí subidos ao valo, porque claro, non te deixaban pasar se non pagabas e ademais nós eramos uns catavises, uns pitiños así. E claro. Pois alí estaban os dous tipos dándose leña, pin pan, pin pan. Ño, o boxeo é duro. Carallo, se é duro. É un deporte para pobres, que non hai rico que faga boxeo. Os ricos tíranse máis ben ao golf, que súas menos e non levas tantas hostias, que tamén xogaba Franco no verán na Zapateira aí na Coruña. Acórdome eu cando ías ao cine e pasábanche antes o NO-DO e saía Franco con gafas de sol dándolle ao golf, *su excelencia el Jefe del Estado ha ido a jugar al golf a la Zapateira*, plaf e dáballa á boliña. Aquí tamén che hai un campo de golf no Aeroclub, non penses ti. Que en Santiago tamén che hai ricos. O que pasa é que os ricos de Santiago é coma se disimulasen, que non se nota moito que os hai. Pero haber hainos. Ti ao mellor estás falando cun tipo tomando un viño e logo marcha o fulano e despois entéiraste de que era un tío rico. En Santiago haiche de todo, o que pasa é que se nota pouco. Non é coma na Coruña, que chegas alí e parece que todos son millonarios, e despois chega a hora da

merenda e non hai de qué. Os da Coruña son así, que por iso lles chaman cascarilleiros. Non sei por que, pero sempre se lles chamou cascarilleiros. Eu creo que é porque xa sempre foron eles así un pouco cascarilleiros. Non tal, non é picholeiros, que é picheiros. Pero que saberedes na túa aldea, carallo. Ti faime caso a min que son de Santiago de toda a vida, de Castrondouro e sei o que digo. É picheiros, que é unha palabra xa moi vella, que vén de alá atrás, xa nin me acorda. Explicoumo un profesor da universidade que é amigo meu, que traballa no Museo do Pobo Galego e sabe moito diso. Polo visto, hai moitos anos aquí a xente traballaba moito o asunto de facer uns cacharriños así que lle chamaban picheles, e a xente empezou a dicir os de Santiago como fan picheles son picholeiros. Picheiros. Non tal, que eu dixen picholeiros. Pero faime caso, que son máis vello ca ti, a ver esa sensación de humidade na punta do zapato a ver o olor do pelo húmido daquela rapaza de abrigo azul mariño que levabas collida a ver esa sensación de progresiva agonía que te ocupou enteira aquela tarde en que xa levaba tantos días a chover e a chover a ver compreee lampreaaaaas, dígoche que é picheiros. E non picholeiros. E non picholeiros. A xente que diga o que queira, a min explicoumo este profesor que é amigo meu. Ti faime caso, en Santiago tes moita cultura, moita. Ti o que tes que facer é falar cos da empresa e que te deixen para o inverno para vender castañas. Si home, ti mira ben alí no almacén onde gardades os carriños estes, xa veras como hai alí uns cacharros que son así coma locomotoras, que é onde fan as castañas

de inverno. Ti fala con eles, xa verás. Claro, despois de que pase o tempo dos xelados, de alí a pouco poñen as locomotoras esas das castañas e así quedas de castañeiro para o inverno, que no inverno é cando máis animación hai aquí. Aí che vén esta. Deixa que cha atenda eu, home. Como queiras. Alá ti.

—¿Sobre Santiago? Si. Pois eu diría que Santiago ten cambiado moito nestes anos e aínda vai cambiar moito máis. Hai vinte anos seríamos uns corenta ou cincuenta mil veciños en nun censo que se fixo aí atrás xa estabamos nos cen mil. Así que pónalle uns cento trinta, contados os estudantes. Xa me dirá que cambio. Así que isto non se sabe o que vai ser, non se sabe en que vai quedar. E o ser capital de Galicia aínda non se está a notar as penas, pero cando se note, xa veremos. Eu diría que no futuro Santiago vai xogar un papel forte en Europa. Aínda que esas cousas nunca se saben, xa se sabe que ao final a Galicia fanlle pouco caso. Se Santiago estivese en Segovia se cadra tiña máis futuro. Aínda que non se sabe. Desde logo eu creo que vai seguir medrando. Eu desde logo son optimista, Santiago sempre estivo aí e sempre o estará. ¿Non?

¿Viches que permanente levaba a cachonda esa?
¿Como que non é permanente?, ¿logo como é unha permanente? ¿Vasme explicar a min como é unha permanente, que había unha perruquería de tipas ao lado da miña casa? ¿De que, home, de que? Pois a túa irmá saberá moito e será moi boa perruqueira, pero ti non tes idea. Quita de aí, home, iso é unha

permanente toda a vida. O que pasa é que é unha permanente desas modernas que fan agora, que che poñen os pelos todos de punta, todos despeluxados. Mira, por aí pola parte nova haiche perruquerías que che fan permanentes de tódalas cores e pónenche os pelos como queiras, coma os cantantes que saen na televisión. Aquí haiche perruquerías do máis moderno. Aquí en Santiago tes o máis antigo e mais o máis moderno. O mesmo tes unha rapaza cos pelos todos modernos de punta ou eu que sei de que maneira que tes unha vella máis vella cá catedral. E hai de todo, porque, menos boxeo, tes de todo. Boxeo non o hai, xa che digo, pero tipos que dean hostias aquí hai coma o que máis. Aquí houbo cada un e aínda hai. Un tío meu, que é de Sar. ¿Sabes Castrondouro? Mira, pois é do Hórreo para atrás. É igual, pois o meu tío de Sar, hai alí unha igrexa moi bonita de moito mérito, chámalle a Colexiata de Sar, que foi onde me bautizaron a min. Tanto ten. Ben, pois o meu tío Andresito, el chámase Andrés pero nós chamámoslle Andresito. Pois o meu tío Andresito cando mozo era de carallo, tiña unha forza que nin o carallo. Levantaba a dous homes con cada man, catro a vez. E iso porque non tiña máis mans. Así, dous con este brazo e outros dous co outro do outro lado. Xa lle chamaban “o cabalo”, por que era forte coma unha besta, carallo. Catro homes, dous e dous. Era unha mula. Logo foi á guerra e dunha explosión dunha granada quedou sen mans. Ti mira, ti observa o que son as desgracias. Basta que presumas de forza para que, pamba, che pase unha desgracia nas mans. Positivamente. Ás veces máis vale estar calados.

Segue a ter forza, eh, que, toco e todo, agárrate co brazo e levántate coma se foses unha folla de col. Un papel. Nada. Cacho mula. E dicía el que cando estaba no hospital había alí unha monxa vasca que lle quería moi ben. As monxas sonche todas vascas, elas monxas e eles da ETA, disque. Pois ela levábase moi ben con el e o caso é que un día el díxolle se lle podía facer un favor. E claro, ela díxolle que si. E vai e dille se lle podía facer ela a pera porque, claro, el non tiña mans e coas orellas non lle chegaba, e xa ía tendo necesidade. E vai ela e seica lle dixo que ben. E de alí a que marchou disque lla fixo unha vez cada semana. E dicía el, “ela dicíame, ¿que Andresiño? ¿va bien así? ¿va bien así?, e eu dicíalle, *déale, hermana, déale. Déale que va bien*”. Ai, que pavero é. Cando se pon a contar historias non para. É moi pavero, aquí haiche xente moi pavera. E despois, que o santiagués é todo un pouco gamberro. Por antonomasia. O santiagués é sempre algo pillo, non sei se é porque como aquí sempre houbo moita universidade, moita letrilla. Claro que agora os rapaces xa nacen todos listos en todas partes, tanto ten que sexa de Angrois ou de *Ciudad* Real. Todos listos. Con tanta televisión e tanto vídeo como ven, teñen moita máis coeficiencia cós nenos de antes, que non había diso. Carai, como pasa a tarde. Eu paréceme que xa te vou ir deixando, xa che levo enredando un bo pedazo. Quería ver hoxe un fulano amigo meu, que ao mellor tenme un negocio. Positivamente. Moitos pensan que son algo parvo. O parvo de Nano, o parvo de Nano. Pero os meus amigos saben que para o que faga falta eu vallo. Había un médico dos nervios. Alá atrás, agora

xa hai un tempo que non o vexo. Este paraba moito nunha taberna que se chamaba o corenta e dous, que estaba aí no Franco no número corenta e dous, como non vai ser certa esa imaxe tan sólida dun enorme sarillo de pedras luídas enormes disformes como pode non existir Santiago capital dos nosos soños que todos temos dentro sen dicilo compostela da nosa memoria xa as pedras han berrar cada unha o seu nome que garda o que perdemos e vai nacendo noutros ten que existir ten que existir, e dicía o señor este sempre que entraba eu, aquí chega Nano, que din que é algo parado, pero quen lle dera a moitos que presumen de coeficiencia intelectual ter as súas capacidades e agudeza natural. Isto dicíao un médico dos nervios, eh, non un baboso calquera. Pois si, home, en Santiago nesta época da calor non queda nin o apuntador. ¿Ti dáste conta que eu falo en verso cando quero? Falo en verso, en literatura, e disfruto moito con toda cultura. O que queiras. Pois si, nesta época desaparece todo quisque. Non hai quen pague unha taza, estanche todos nas praias. Ti agora colles polas praias da parte de Noia, a Aguieira, a Hornanda, todas esas e tes alí a todo quisque. Ou en Vilagarcía, ou por aí. Todos alí apretados, pasando calor. É que aos de Santiago gústanos moito o mar. Moito. Santiago merecía ter mar. Se Santiago chega a ter mar, nin Bilbao, nin Madrid, nin Zaragoza co seu Pilar, nin nada. Nin Nova Iorque, nin Moscú, nin nada. Era o máximo. Quen había ver o río Sar cheo de barcos, trasatlánticos, buques, barcos. Se dragasen o río de Padrón para aquí podíase facer un porto de mar aí en Vidán. Positivamente. Quen vería a Santiago con

mar. Gaivotas xa chas hai, que quen o había dicir que veñen polo Sar arriba comer a porquería toda, o lixo todo, que botan nos basureiros. O que son as cousas, antes non as había. Quen o había dicir de ver as gaivotas pousadas na catedral.

Dime ti se non é unha cousa curiosa, eh. Qué bárbaro. Por iso, Santiago gañaba moito co mar. Si, señor, aos de Santiago gústanos moito o mar. Porque, mira, haber, non o hai. Pero, claro, está aí ao lado. Coma quen di pegadiño. E, claro, parece que che fai as ganas de velo. Non é como aos de Lugo ou Ourense, que están alá dentro, e aínda que lles guste, é outra cousa, xa non lles acorda. Home, acórdalles cando vai calor. Aquí é distinto, porque ti sabes que en media hora estás xa no mar e apetece, ¿non sabes? Porque o mar ten unha cousa, algo, que che apetece. A min o que non me gusta é a praia. O outro día díxome un curmán meu, Nano, ¿queres vir o sábado?, por hoxe, ¿non sabes?, ¿queres vir o sábado á praia?, levamos uns bocadillos e bañámonos e tal. E eu díxenlle que non gracias, porque a min un pedazo pase, pero moito pedazo na praia fáiseme moito. Pero ver o mar. Iso si. Iso gústame, pero como me gusta a min é velo desde unha horta á sombra dunha parriña e tomándolle unha cervexiña. Así si. Sen pasar tanta calor nin que se che metan as areas por todas partes. E é que de andar sempre por estas rúas tan pechadas ás veces apetece ver o mar, que é tan aberto, tan grande, que é unha maravilla. Din que o río Amazonas tamén é así cando está chegando ao mar, que é tan ancho, tan ancho, que non ves o outro lado e paréceche que estás no mar. Que pena que acaben con

el. Para cando eu dea chegado xa non queda río. Pois si, ás veces parece que lle falla a un o aire e que queres ver algo aberto, así coma o mar, ou o Amazonas. E ademais que Santiago todo é igual, que vas para a parte nova e estás na mesma. Aí se me descoido as rúas aínda son máis estreitas cá Calderería, que vas por Alfredo Brañas e pareceche que vas polo calexón de Entrerrúas, que é un que está aí que é tan estreito que non colle de ancho paraugas aberto. Iso si, por alí hai de todo. Tes bares de todo tipo. E comercio, hai moito comercio, claro que existe e está aí que país pantasmal había ser senón o que tivera unha capital inexistente existe non nos debe caber dúbida e non nola cabe por iso ordenamos as palabras amoremamos as pedras unha e outra volta e convocamos a Santiago, e hai comercio e bares cantos queiras. E non digamos xa discotecas e *pubs*, miña madriña, de noite iso parece unha feira. Non fas unha idea dos estudantes que por aí andan de noite, ás tres da madrugada iso parece unha romería. O malo é os que traballan, en Santiago de Chile non hai que durma. Porque os estudantes son moi divertidos, pero que non che toque un piso de estudantes enriba túa como lle pasou a un fulano que coñezo eu. Comprou un piso en Santiago de Chile e aínda non o acabara de pagar e xa estaba mal dos nervios. Cadroulle enriba unha tropa de estudantes destes que veña xolda tódolos días e tódalas noites, e veña carallada, e veña foliada, e non houbo maneira. Nin con advertencias, nin con denuncias, nin con nada. Acabou mal dos nervios e tívose que poñer a tratamento. Desde logo pódete pasar calquera cousa nesta vida. Esta cidade

é medio tola. E desde que veu o da capital que está isto cheo de consellerías e de conselleiros e de funcionarios que está isto todo cambiado non hai quen a entenda. Aquí ás veces parece que é todo moita cousa, moita xente, moito rebumbio, pero outras, parece coma se non houbese cidade. Ti mira agora por un exemplo. É unha cousa curiosa ver tano edificio e tanta igrexa e tanto todo sen xente. Pero, se che digo a verdade a min o que máis me gusta de Santiago non che é nin a catedral, nin a praza do Obradoiro nin nada diso, a min o que máis me gusta é a alameda. A alameda de Santiago si que é unha maravilla. Moito me gustaba antes cando había paxareira que era como se fose un galiñeiro grande grande, pero cheo de paxaros de todo tipo. Moito me gustaba ir a ver a paxarada toda. E despois tamén teño ido moito por ela cando rapaz. Iamos os rapaces todos axexar ás parellas que estaban nos bancos das palmeiras alí dándose o lote. E aínda despois, cando andaba coa rapaza esa que che dicía, pois tamén teño ido veces alí, que era o desafogo que había antes, que non é coma agora. Si, na aldea colles por un carreiro calquera e, hala, xa estás no monte. Pero aquí non vas andar polos portais, que non é cousa. Aínda que tamén ás veces. Si, home. Pois cando a cousa pasaba a maiores xa había que ir ao monte da Condesa, que era un monte que había onde hai hoxe facultades e non sei que máis. Por alá abaixo, pola Residencia, que lle chaman agora o Campus. É da alameda para abaixo. Si que si. Moi bonito todo, e o paseo da Ferradura é do máis bonito. E iso que non se lle dá mérito, que hai cousas con ben menos mérito e que levan a sona. Mira,

eu fun alá atrás, xa che hai uns anos, cunha excursión da parroquia a Zaragoza. Fomos ver o Pilar e toda a matraca esa. Nada. Non che me gustou nada. Mil veces máis bonita a Ferradura ou calquera cousiña de Santiago. Pero así é a vida. Se cadra agora está o Pilar cheo de xente. E fíxate ti agora, debemos estar catro en Santiago. Como dicía miña avoa, casa chea, casa baleira, ¿non sabes? Mira ese que che vén aí. Este trae magnetofón. O que leva na man. É para facer preguntas, hache ser periodista.

—Como non. Santiago é un marco incomparable. Unha cidade única no mundo, sen comparación. É seguramente a cidade máis antiga do mundo, ou polo menos unha das máis antigas, máis vella que andar a pé. De antes dos romanos. E os monumentos que aquí hai son únicos no mundo e admirados internacionalmente. Eu estiven en Zaragoza e vin o Pilar, que é tan famoso, e asegúrolle que non ten comparanza. Nin punto de comparación. A Santiago só se lle comparan as maravillas da Natureza, coma as cataratas do Niágara ou o río Amazonas, que din que é o máis maravilloso que existe no planeta. Non sei que dicirle máis. Non, o rapaz este acaba de chegar e aínda leva aquí poucos días. Eu chámome Nano y *aquí tiene usted mi mano*. ¿Non si que Santiago non é calquera cousa? Santiago sempre foi e sempre ha de ser. ¿Non si?

din cremos e afirmamos que hai un labirinto de pedra pechada chamada Santiago e desde o seu cerne oculto que permanece e garda a nosa memoria a emitir febles

latidos que todos na área ocupada por nós e aínda fóra recibimos nalgún exágono da nosa mente aínda descoñecido sabémolo de certo porque pousando a palma da man á altura da caluga percibimos unha leve pulsación a penas nada e este lene pulso que se expande e recibimos organiza darredor un país poderíámolo xurar porque o sabemos de certo segurísimo que o sabemos seguro que ten que ser certo é o máis probable que exista unha cidade así estou certo coido recordar que si que lembro unha cidade tal e non hei de facer caso de que en Compostela estamos moitos xa para sempre derrotados fiade na vosa memoria non fagades caso de

(De “Caixón Desastre”)

Colección SELIC
Semana do libro de Compostela 2017

1. *Cabeleira de Pedra*
Xesús Rábade Paredes e Helena Villar Janeiro
2. *Aquí somos así, positivamente*
(Santiago)
Suso de Toro
3. *Laxes de Vrins / Hipótese dun achado*
Mariña Pérez
4. *Charanga da lúa primeira*
(1950–1962)
Roi Vidal Ponte

O cavaleiro do Monte Pedroso
Carlos Quiroga
5. *Os últimos indios*
Patricia Janeiro

